

Titulacións para acceder a listas de interinidades.

A Consellaría trouxo á Mesa un borrador de orde coas **titulacións para entrar en listas de substitucións**. Unha orde que quere ter **carácter fixo** e que servirá tanto **para quen se presente ás oposicións e non supere a 1ª proba** así como para a apertura durante un curso escolar de novas listas. Deste requisito están exentas as persoas que están en listas xa.

No caso de que non consolidara aínda o posto (que nunca traballara) tamén estará exenta da aplicación desta orde até o momento no que se convoque a oposición da súa especialidade. Se naquel momento aínda non tivese o posto consolidado tería que cumprir cos requisitos de titulación da orde.

A CIG-Ensino centrou a súa intervención na necesidade de reflexionar sobre a contradición que se crea á hora de non fixar unhas titulacións preferentes, como se fai en tres especialidades de FP, primando aquelas que gardan unha relación máis directa coa especialidade. A Consellaría admite que a nosa argumentación é correcta mais que non teñen outra posibilidade. Por un lado pola propia dificultade para dirimir con exactitude, en función dos créditos cursados nun sen fin de titulacións nas diferentes universidades após a aplicación do Plan Boloña e, por outro, pola situación das demais CC.AA. nas que, segundo afirman, tampouco se fixan titulacións preferentes.

Por outro lado, interesámonos polo discrepancia de titulacións que se crea entre o ensino público e o privado. Coa publicación desta orde parece que o lóxico sexa que os requisitos de titulacións para impartir docencia regrada foxen coincidentes e que se fixara unha norma para eses centros coincidente coa de interinidades. A

Consellaría confirma que esa é a súa intención aínda que no caso do ensino privado a habilitación seguiría sendo por materias e no público, por especialidades.

A CIG-Ensino entregoulle unha listaxe de alegacións organizadas por especialidades feitas a partir das diferentes achegas de colectivos e persoas e nivel individual que nos chegaron nestes últimos días.

Así, presentamos propostas para as especialidades de Portugués (que por erro non aparecía e será coincidente coa de EOI), Matemáticas, Galego, Castelán, Xeografía e Historia, Física e Química, Música, Debuxo, Francés, Tecnoloxía, Alemán, Economía, Administración de Empresas, FOL, Navegación e Instalacións Mariñas, Organización e Procesos Enerxéticos, Procesos de Cultivo Agrícola, Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos, Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica, Mecanizado e Mantemento de Máquinas, Procesos e Produtos de Têxtil, Confección e Pel, Cociña e Pastelería, Estética, Instalación e Mantemento de Instalacións Térmicas e de Fluídos, Instalacións Electrotécnicas, Máquinas, Servizos e Producción, Operacións e Equipamentos de Producción Agraria, todas as especialidades da familia Sanitaria, Soldadura, Servizos de Restauración, Mantemento de Vehículos, Procesos Comerciais, Procesos de Xestión Administrativa, Oficina de Proxectos de Construción, Producción Têxtil e Tratamentos Físico Químicos, Chinés, Xaponés, Ruso, Pedagogía Terapéutica.

A administración anunciou que remitirán a orde e os anexo ás **tres universidades galegas** para a súa revisión e que abrirán un **prazo de exposición pública** para que todas as persoas que así o desexen poidan presentar **alegacións**.